



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.C5-16. Consultas procedemento de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU

Asto.: Relación anónima de consultas e aclaracións ás mesmas do procedemento de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO E INSTALACIÓN DOS SISTEMAS DE ALARMA E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU

O presente anuncio contén a **relación anónima de consultas e aclaracións** ás mesmas realizadas polos interesados no procedemento de contratación de referencia en base ao disposto na cláusula VI dos PCAP.

1.- Consulta núm. 01:

Formulada con data 19.02.2016

Texto da consulta:

" (...),

En relación có PCAP indicado, sobre a contratación do mantemento para os equipos e sistemas contra incendios das dependencias do Concello, preguntarlle a seguinte dúbida:

No segmento B, sección IX.2 do apartado de Solvencia Técnica Profesional, faise referencia a necesidade de que as empresas acrediten ter un certificado para a manipulación de sistemas e equipos contra incendios que traballen con gases fluorados. De ser isto correcto, non entendo para qué se require, pois no listado de equipos adxunto no ANEXO III non aparece ningún equipo ou sistema de extinción que conteña este tipo de gases. Ademáis, cabe dicir que actualmente este tipo de sistemas se atopan en desuso por as súas características nocivas dende o punto de vista ecolóxico; chegando a restrinxir (e incluso prohibir) o seu emprego en instalacións novas (VER R.D. 795/2010).

Polo exposto, solicito que me confirmen a idoneidade de requerir a certificación citada.

(...)"

Aclaración á consulta núm. 01.:

A esixencia deste requisito como acreditativo da solvencia técnica profesional está prevista nos PCAP en cumprimento de normativa comunitaria contida no Regulamento (CE) nº 304/2008 da Comisión Europea así como na normativa estatal e autonómica, contida no Real Decreto nº 795/2010 e no decreto autonómico 100/2011 de 19 de maio, polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles, respectivamente.

Asemade este tipo de gases seguen empregándose na actualidade tal e como resulta da vixente normativa comunitaria recente sobre os mesmos constituída polo Regulamento europeo (UE) núm. 517/2014 de 16 de abril sobre os gases fluorados de efecto invernadero.

O feito de que non esté previsto no Anexo III dos PCAP relativo ao "INVENTARIO DOS EXTINTORES, SISTEMAS DE ALARMA E DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN VEHÍCULOS MUNICIPAIS E EDIFICIOS DEPENDENTES DO CONCELLO DE BUEU A QUE SE REFIERE CLAUSULA I PCAP" ningún equipo ou sistema de extinción que conteña este tipo de gases non exime de que ao longo da duración do contrato (02 anos con posibilidade de prórroga por outros dous anos máis) xurdan necesidades que den lugar o seu emprego e polo tanto sea imprescindible contar con unha certificación para o seu manexo. Neste senso na redacción dada na cláusula I.1 dos PCAP dispónse que

" (...) As instalacións descritas no anexo III dos presentes pregos ten, única e exclusivamente, carácter informativo, (...)"

En Bueu, a 22 de febreiro de 2016

O alcalde,

Félix Juncal Novas